

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro       | Concello          | Ano académico |
|----------|--------------|-------------------|---------------|
| 27007259 | IES Río Cabe | Monforte de Lemos | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial       | 3º ESO | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 7             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 8             |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 8             |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 8             |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 9             |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 9             |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 10            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 10            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 11            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 11            |
| 9. Outros apartados   | 11            |

## 1. Introducción

O PC de 3º ESO pretende o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado mediante a realización dun proxecto por medio do que se participe na resolución colaborativa de problemas, se reforce a autoestima, a autonomía, a reflexión, a responsabilidade e interese por desenvolver un traballo coidado. Sempre estará presente a perspectiva do interese por unha aprendizaxe permanente e a idea de "aprender a aprender".

Entre as distintas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, interculturais e a creatividade. Neste senso, esta materia de PC desembocará nun traballo monográfico/un proxecto interdisciplinar que reforzará os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre diferentes saberes.

Organízase en tres bloques.

1) Adquiriranse as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas de maneira autónoma. Coa finalidade de crear un proxecto final que consiste na elaboración dun catálogo de obras con autoría ou protagonismo feminino que forman parte da biblioteca do centro e darlle difusión. Neste primeiro bloque ahegarémonos ao funcionamento dunha biblioteca escolar para coñecer que, onde e como buscar información sobre a temática da igualdade e a súa presenza na biblioteca.

2) No segundo bloque, xa establecido e coñecido o plan de traballo, o alumnado combinará as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas e comezar a executar os proxectos planificados. Producirase o descubrimento de mulleres xa recoñecidas na historia. Debe utilizar as fontes de información impresa e electrónica (é dicir, en diferentes soportes e formatos), lograr habilidades para discernir información necesaria da irrelevante (ser críticos), aprender a presentar correctamente os resultados dos seus traballos e adquirir hábitos de uso ético da información.

3) Por último, finalizarase o proxecto competencial. No último bloque, sairán á luz mulleres que nunca foran recoñecidas pola súa labor no campo do coñecemento ou nas artes e a cultura. Elaborarase o catálogo incluíndo stas obras e facendo presentación física nun expositor propio nun lugar destacado da biblioteca ou do centro. O traballo deberá ser entregado/exposto con corrección, coherencia, cohesión- Estará ben organizado e presentado coa maior claridade posible. Ademais da posible exposición oral do resultado, entregarase previamente escrito. Contéplase o emprego de soportes audiovisuais e informáticos que servan de apoio, sempre que sexa posible.

O resultado final debe ser fomentar no alumnado coñecementos, actitudes e aptitudes que faciliten o seu desenvolvemento nos novos entornos de aprendizaxe e investigación, progresivamente máis complexos e, ademais, que adquira unha adecuada competencia informacional. Achegará ao alumnado á reflexión e debate sobre a temática da igualdade, crucial na adolescencia. En conclusión, a realización dun proxecto e a resolución colaborativa de problemas, permitirá ó alumnado comprender a realidade, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1   |    |      | 1  | 1-5   | 3  | 1-2-3 |      |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.   | 1-3 |    | 5    | 3  | 1-3   | 2  | 3     |      |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3  | 3    | 2-3 | 1-3   |    |    | 3-4  |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                               | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Nas tebras. Mulleres invisibilizadas | O alumnado aprenderá a manexarse con autonomía na nosa Biblioteca e recordar o seu funcionamento e organización. Coa finalidade de crear un catálogo de obras da biblioteca do centro que traten a temática da igualdade entre homes e mulleres igualdade. Profundizará no tratamento da información e a competencia dixital básica. Deberá coñecer como se fai un traballo de investigación (pautas de estruturación, presentación), como se cita, adquirir habilidades para ser críticos, adoptar hábitos éticos para usar ben a información, reflexionan sobre perigos-vantaxes de Internet... En definitiva, preténdese que o alumnado se desenvolva en diferentes entornos de aprendizaxe e investigación e adquira unha adecuada competencia informacional. | 30             | 10         | X        |          |          |
| 2  | Recoñecendo.                         | Nesta fase de comezo de elaboración do traballo, xa previamente planificado, procurarase o respecto ás fontes de información impresa e electrónica, a búsqueda de palabras clave, a análise e recompilación de datos variados para organizar o traballo e estruturalo con precisión, rigor e orde. Detectaranse mediante a investigación en distintos ámbitos do saber, casos de mulleres que destacaron e foron descubertas e recoñecidas pola súa labor.  | 30             | 13         |          | X        |          |
| 3  | Na luzada                            | A información recompilada e organizada terá como resultado unha presentación final do produto elaborado. Un catálogo de   | 40             | 12         |          |          | X        |

| UD | Título    | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | Na luzada | obras de distintos xéneros que o alumnado do centro ten á súa disposición sobre a temática da igualdade. Posiblemente creando un expositor con exemplares nun lugar destacado da biblioteca ou do centro par lograr difusión das mesmas. | 40             | 12         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                         | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 1  | Nas tebras. Mulleres invisibilizadas | 10       |

| Crterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Recoñece a importancia do tema a abordar na nosa sociedade.  | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Na aula ou na biblioteca distingue os recursos a usar.   |    |     |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | É quen de identificar escritos relacionados coa temática a tratar.   |    |     |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | É capaz de sintetizar por escrito as principais secuencias de execución dun proxecto, técnicas de cita da información, búsqueda e organización |    |     |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Sabe buscar solucións para posibles atrancos ou dificultades na búsqueda de información, elaboración nas diversas fases do proxecto            |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización.               |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2  | Recoñecendo. | 13       |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------|------------------------|----|---|
|------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Decátase da importancia do tema da igualdade na sociedade actual.  | TI        | 100      |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Na aula ou na biblioteca sabe qué recursos ten dispoñibles   |           |          |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | Identifica en xeral qué escritos tratan a temática da igualdade.   |           |          |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | E quén de distribuir accións e planificarse no tempo.  |           |          |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Expresa interese por solucionar situacións no desenvolvemento do traballo  |           |          |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.  | Redacta de modo claro, coherente e preciso a secuenciación das partes do traballo previstas previamente comezando a desenrolalo con claridade. |           |          |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                  | O alumnado debe aplicar de modo axeitado as diferentes competencias para elaborar un produto de mínima coherencia, cohesión e claridade.       |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                                       | Emprega un mínimo de recursos para levar a cabo o seu traballo   |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.              | O alumnado mostra autonomía e iniciativa na resolución das tarefas que emprende  |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.   | O alumnado admite estar satisfeito polo resultado final  |           |          |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                   | Nas situacións requiridas fai uso de linguaxe claro  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3  | Na luzada    | 12       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.  | Descubre informacións sobre mulleres destacadas e recoñecidas historicamente.   | TI | 100 |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.      | Amosa interese por situacións que se poidan prever.   |    |     |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | O alumnado deberá presentar o traballo elaborado cun mínimo de adecuación, coherencia e cohesión na presentación, organización da tarefa... |    |     |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | A linguaxe empregada deberá ser correcta, clara e precisa para lograr expresividade e interese no discurso                                  |    |     |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | A xestualidade é adecuada e trata de mirar ó auditorio  |    |     |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | O modo de expresarse é correcto, positivo e controla a impulsividade  |    |     |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Os recursos empregados non foron exclusivamente escritos senón que tentaron ser creativos e didácticos respecto ó tema tratado.             |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tentará ser activa e variada, que combine o traballo individual e o cooperativo sempre que sexa posible. Ó familiarizar ó alumnado co uso das diferentes fontes de información búscase que adquira progresiva autonomía persoal e destrezas para elaborar traballos e guions cunha corrección mínima, A consulta e reflexión sobre diferentes recursos de páxinas web ou recursos en rede estará moi presente na metodoloxía empregada.

Pediráselle ó alumnado a entrega/elaboración de esquemas e sínteses para facilitar o seu traballo

Na metodoloxía incluírase ó uso da Biblioteca cos recursos que nela se ofrecen para poder facer unha práctica directa e facer dela un importante centro de recursos e documentación. As crases impartíntanse tanto na aula de música como na biblioteca.

Débase contar coa diversidade, pois alumnado de PDC forma parte dos grupos crase que cursan esta materia, polo que se procurará respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe para alcanzar os obxectivos mínimos.

O inicio de cada sesión procurárase que expoñan oralmente o que coñecen de cada tema a tratar para dun xeito dinámico e participativo se introduza ou acerque ó que se coñeza xa de cada aspecto. Aínda que a asignatura posúe un enfoque eminentemente práctico, algunhas cuestións básicas máis teóricas (como os métodos de citas bibliográficas, a presentación da bibliografía etc) deberán ser abordadas no 1º trimestre dentro da metodoloxía activa que busca sexan autónomos para aprender a manexar diferentes soportes e a atopar, interpretar, presentar e reorganizar a información.

Debido a que a temática da igualdade de xénero pode xerar inquedanzas e polémica tamén en alumnado procedente de distintas culturas, estarase aberto a desenvolver debates sempre que non implique un bloqueo no desenvolvemento xeral do traballo.

Tentarase aprender técnicas e usar recursos tecnolóxicos e dixitais que contribúan a mellorar a súa competencia neste campo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

Os materiais e recursos didácticos serán variados. Non hai libro de texto de referencia polo que o profesor entregará fotocopias, cuestionarios ou aquel material que poda resultar útil para aprender a organizar e planificar o traballo de modo correcto e claro.

Tentarase aprender técnicas e usar recursos tecnolóxicos e dixitais que contribúan a mellorar a súa competencia neste campo.

Potenciarase o uso de materiais da biblioteca e a utilización de recursos webs (blog, presentacións...) así como o uso tanto de ordenador como de libreta, cadernos.

Usaranse métodos de artes plásticas para elaborar cartaces, posters, decoracións dos expositores.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso haberá que coñecer as peculiaridades do grupo, intereses do alumnado, competencias das que dispoñen, dificultades detectadas para poder comezar a traballar no proxecto dun modo máis realista.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 30   | 30   | 40   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:



Dado o carácter progresivo e a finalidade perfectamente delimitada de elaborar un proxecto persoal e interdisciplinar, na 1ª avaliación (un acercamento ás competencias necesarias para desenvolver o plan de traballo posterior) cualificarase o traballo do alumnado tendo en conta fundamentalmente os indicadores de que teñen clara a temática do traballo proposto, saben identificar e distinguen a información pertinente ou non e coñecen as pautas básicas de elaboración do posterior traballo (cita de fontes, bibliografía, esquematización, presentación...). Valorarase o rigor e respecto aos temas a tratar, permitindo o debate e reflexión sobre a igualdade.

Na 2ª avaliación, xa se valorará que descubran personaxes femininos destacables e fagan aportacións sobre as mesmas. Fará que os criterios xa se centren na organización da información dun modo correcto e se teñan en conta indicadores para comprobar si se empregan de modo axeitados coñecementos, as competencias, o nivel de autonomía persoal e interese por presentar con claridade as propias conclusións e creacións.

Na 3ª avaliación cualificarase o produto final resultado das anteriores etapas, É dicir, se se logrou crear este catálogo, a súa claridade, utilidade, grao de difusión acadable. Ten un peso maior no total da programación posto que é o propio proxecto o que deberá ser presentado (oralmente e por escrito) con corrección e utilizando diferentes soportes sempre que sexa posible.

As táboas de indicadores valoraranse segundo a escala seguinte: Non Satisfactorio/Superado/Ben/ Moi ben

#### CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DE EXAMES/TRABALLOS/CUESTIONARIOS.....:

Teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios:

- Claridade, limpeza... na presentación dos aspectos relacionados coas actividades, cuestións e propostas solicitadas.
- Orde, presentación e limpeza en xeral. Os exames/traballos serán realizados con bolígrafo. Non se permite a utilización do lapis.
- Cando se formulen preguntas test, con varias posibles respostas, poderáselle pedir ó alumno que razoe e xustifique a resposta adecuada. Poderán descontar o número de respostas incorrectas que se especifique na proba.
- Cando se propoña algunha pregunta a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, terase moi en conta a claridade na redacción e exposición. Tamén se valorará positivamente si se elabora un esquema no que e se resume o contido da resposta.
- Os traballos realizados non poder ser un copia/pegañ de páxinas consultadas nin do traballo doutros compañeiros. Requieren a previa elaboración persoal e deben incluír as citas, como se lles indica a comezo de curso
- O feito de que un alumno sexa collido copiando nun exame, poderá levar consigo que a proba á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada cun cero. Tampouco se aceptarán aqueles traballos que sexan copiados doutros compañeiros ou non sexan da autoría do alumno.

#### **Criterios de recuperación:**

Como o resultado final do PC é a elaboración dun pequeno proxecto de investigación, ofreceráselle a oportunidade de recuperar a avaliación, no caso de ter algunha suspensa, entregando ou realizando as tarefas que non se completasen para acadar un mínimo de consecución dos obxectivos.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que esta asignatura lle quedase pendente ó alumno, proporcionaráselle as indicacións precisas o curso seguinte por parte do xefe de departamento para poder recuperala.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

A programación debe ser aberta e flexible, para poder atender á diversidade e intentar previr ou evitar a aparición de dificultades de aprendizaxe. É importante fomentar que o alumnado traballe en colaboración a fin de conseguir superar as deficiencias. Nunha asignatura tan práctica e dinámica como esta cómpre ter en conta as peculiaridades do grupo para poder organizar os traballos por proxectos

As actividades de clase deben atender principalmente ao traballo, á axuda recíproca entre os alumnos. Ademais o diálogo profesor-alumnos debe ser continuo a fin de facilitar a adaptación das actividades ó nivel de coñecementos e

capacidades.

Débese contar coa diversidade, pois alumnado de PDC forma parte dos grupos crase que cursan esta materia, polo que se procurará respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe para alcanzar os obxectivos mínimos.

Para a atención á diversidade podense adoptar como medidas:

-Propor actividades e exercicios de reforzo. Partir dos coñecementos previos e avanzar referíndose continuamente ó anteriormente explicado.

-Propor ós alumnos ó comezo da clase que recorden o feito na semana anterior.

-Os contidos presentaranse dun modo ameno, lúdico, didáctico... e buscando, na medida do posible, aplicacións con realidades cercanas e coñecidas.

-Presentación variada do material (espacios web material fotocopiado, visualí).

Se coa práctica docente diaria se observase na aula a existencia de alumnos con especiais características tales que requirisen formulacións particulares, ofreceráselles, co apoio e asesoramento de Orientación. Buscarían o máximo desenvolvemento das súas capacidades para que puidesen acceder a metas iguais ás propostas ó resto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.1 - Dereitos humanos, dereitos da infancia, dereitos da muller, democracia, liberdades. | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Nesta asignatura abórdanse continuamente os temas transversais, con maior fincapé normalmente cando xa se comece a elaborar o Proxecto.

A mellor estratexia para tratar estes contidos pasa pola súa integración no currículo inclúe tamén a súa avaliación e cualificación, a aplicación de propostas e enfoques metodolóxicos adecuados, a distribución dos contidos, etc.-na didáctica cotidiana da área, ó fío de actividades habituais, especialmente as baseadas nos textos/vídeos, escritos, nos que frecuentemente están presentes os contidos relacionables cos temas enumerados. Proponse como actividade:

-Elección de textos e outros materiais (vídeos, anuncios, textos etc.) que susciten o debate.

.Tratamento de contidos propios dos textos/imaxes e lectura que ofrezan un reflexo social e histórico dos temas transversais.

-Participación dos alumnos nas actividades didácticas que propoña o Instituto

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade      | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------|---|----------|----------|----------|
| Por determinar. | Se se considera pertinente cando o proxecto esté en marcha e deseñado |          |          |          |

#### Observacións:

Se o tema elixido para o proxecto así o requirise poderíase levar a cabo algunha actividade complementaria co fin de culminar a tarefa deseñada.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| -A análise dos resultados obtidos nas avaliacións.   |
| -Grao de adquisición dos contidos por parte do alumnado.                                       |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                     |
| -Adecuación da metodoloxía empregada.  |
| Medidas de atención á diversidade  |
| -Adecuación dos contidos ó nivel de coñecementos   |

### Descrición:

Cómpre que o profesor avalíe a totalidade do traballo e proceso para comprobar a eficacia do mesmo, valorando a súa relación coa labor docente, co alumno e coa materia.

Nas diferentes reunións do Departamento analizaremos o grao de avance en relación á Programación e os cambios propostos para adaptarse ás necesidades do grupo de alumnos ou do contexto.

Na Memoria final do curso figurarán os cambios que se introduciron na Programación así como as posibles propostas de cambio para o curso seguinte.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

No Departamento, nas diversas reunións analizarase a marcha do curso e deixarase constancia nos informes finais de cada avaliación das dificultades, cambios... ademais dos aspectos explicados ou traballados nos grupos.

Na memoria final tamén constará o grao de consecución dos obxectivos, contidos.... así como un resumo do resultado final acadado polo alumnado.

Todos estes datos serán considerados para posibles propostas de mellora en próximos cursos.

## 9. Outros apartados